

DOCUMENTO DE TRABALLO SOBRE UN REXIME EXTRAORDINARIO DE RECOÑECIMENTO DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO PERSOAL FACULTATIVO DO SERGAS PREVIO Á IMPLANTACION DO FUTURO REXIME DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL A QUE SE REFIRE A LEI 44/2003 DO 21 DE NOVEMBRO

A primeira regulacion xeral dun sistema de recoñecemento do desenvolvemento profesional no eido das profesions sanitarias recolleuse na Lei 44/2003, do 21 de novembro.

A Lei 7/2003, do 9 de decembro de Ordenacion sanitaria de Galicia e a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal das institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saude refírense a carreira profesional como o dereito dos profesionais a progresar de forma individualizada, co recoñecemento do seu desenvolvemento profesional en canto a coñecemento, experiencia e cumprimento dos obxectivos da organizacion na que prestan os seus servizos.

Asemade o Estatuto Marco, preve determinados efectos do dito recoñecemento, introducindo un concepto retributivo -complemento de carreira profesional- destinado a retribuir o grao acadado na carreira profesional.

As ditas previsions lexislativas impoñen as Administracións sanitarias o desenvolvemento regulamentario do sistema de recoñecemento do desenvolvemento profesional, co fin de que a implantacion do mesmo poida facerse real e efectiva para a súa constancia publica, que permitira o recoñecemento publico do nivel profesional, no aspecto retributivo, e a promocion deste persoal conxuntamente coa mellor xestion das institucións sanitarias.

Poren, a Lei 44/2003, de ordenacion das profesions sanitarias e a Lei 55/2003, do Estatuto Marco ordena á Comision de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saude a determinacion dos principios e criterios xerais para a homologacion do recoñecemento do desenvolvemento profesional.

especialmente no relativo as denominacions dos distintos graos, Os sistemas de valoración dos meritos, a composición dos graos acadados polos profesionais dos distintos servizos de saúde, todo elo dirixido ó recoñecemento mutuo, efectos profesionais e libre circulación dos mesmos no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

Na actualidade a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde esta a traballar nesta materia, non obstante, o grao de complexidade que se deriva do seu tratamento esixe un período amplo de reflexión, consultas e participación dos axentes sociais e sectores implicados.

Asemade, a Lei 44/2003, de ordenación das profesións sanitarias determina que as Administracións sanitarias regularan o recoñecemento do desenvolvemento profesional para os seus propios centros e establecementos que, de conformidade co Estatuto Marco, deberán ser negociados na Mesa Sectorial para a configuración dos mecanismos da carreira profesional, con adaptación as condicións e características organizativas, sanitarias e asistenciais do servizo de saúde e dos seus centros.

Con carácter previo a implantación dese futuro sistema no que se establecera o rexime de avaliación a que se refire a Lei 44/2003 así como o rexime de homologación de conformidade cos principios que determine o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, compre abordar un sistema de recoñecemento previo do grao de desenvolvemento para o persoal do Sergas que teña en conta o nivel profesional dos mesmos e permita posteriormente a axilización da transición ó acceso ó sistema definitivo de recoñecemento profesional e carreira profesional. Este sistema se configura como un procedemento excepcional ó que accederá o persoal estatuario fixo das categorías sanitarias de titulados superiores do Sergas e permitirá Os ditos profesionais disfrutar do recoñecemento do seu desenvolvemento profesional e dos efectos económicos á que se refire o artigo 43 do Estatuto Marco.

No deseño do rexime que se regula no presente decreto consideráronse dous aspectos que se estiman importantes para a súa posta en marcha. En primeiro

lugar que o sistema de desenvolvemento profesional debe incidir directa e positivamente na mellora do servizo público e da atención ó cidadán. En segundo lugar, o sistema extraordinario debe ter en consideración os parámetros que permitan no futuro a homologación dos graos ó sistema que definitivamente se dicte en desenvolvemento da Ley de Ordenación das Profesións Sanitarias.

Xa que logo, o sistema estruturase en catro graos. O acceso a estes graos é voluntario para o profesional que deberá acreditar a experiencia profesional mínima esixida para cada un deles.

Así mesmo, o sistema de recoñecemento debe contemplar un sistema de avaliación do profesional como criterio de acceso os diferentes graos, que por unha parte permita, cos instrumentos de que actualmente se dispón, ter en conta a traxectoria do profesional para a aplicación do rexime retroactivamente ós méritos recabados con anterioridade a súa entrada en vigor e, por outra banda, facilitar a homologación no futuro sistema de recoñecemento do desenvolvemento profesional, baseado na avaliación do profesional, unha vez que, determinados os criterios de homologación polo Consello Interterritorial, se proceda ó desenvolvemento do Título 111 da LOPS

Por todo o que antecede, logo da negociación no seo da Mesa Sectorial e aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, DISPONO:

Artigo primeiro. Obxecto

O sistema extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional, previo a implantación do futuro rexime de desenvolvemento profesional a que se refire a Lei 44/2003 do 21 de novembro, recolle o dereito dos profesionais consistente na determinación do nivel profesional acadado polo persoal estatutario fixo das categorías sanitarias de titulados superiores do Sergas que reúna os requisitos a que se refire o artigo quinto, o obxecto do seu encadramento nos distintos graos recollidos no artigo cuarto.

Artigo segundo. Principios xerais

O sistema extraordinario de recoñecemento previo do desenvolvemento profesional a que se refire o presente decreto configúrase con base nos seguintes principios:

- a) Principio de voluntariedade: a participación neste sistema será voluntaria para o persoal comprendido no ámbito de aplicación e só procederá a instancia do interesado.
- b) Principio de personalidade: o reconecemento do grao terá carácter persoal e individual que terá en conta os méritos aportados polo interesado.
- c) Principio de gradualidade: A determinación do nivel profesional se realizará nos graos que se definen no presente decreto.
- d) Principio de progresividade: O acceso os diferentes graos do reconecemento previo do desenvolvemento profesional será progresivo e sucesivo, de tal xeito que o acceso ou grao superior só realizaráse previa acreditación do recoñecemento do grao inmediatamente inferior.
- e) Principio de mérito e competencia profesional: O sistema extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional basease na experiencia, competencia e contribución do profesional que será avaliada de conformidade con establecido no presente decreto.
- f) Principio de excepcionalidade: O sistema regulado no presente decreto ten carácter excepcional e será de aplicación por unha soa vez os profesionais comprendidos no seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da implantación do futuro rexime que se dicte en desenvolvemento do título terceiro da Lei 44/2003 do 21 de novembro.
- g) *Principio de irreversibilidade: Sen prexuízo do disposto na disposición*

adicional primeira ou no rexime disciplinario, de se-lo caso, o grao recoñecido a un profesional tera caracter persoal, irreversible e consolidable.

Artigo terceiro. Ambito de aplicacion

Podera acceder o sistema previo de recoñecemento do desenvolvemento profesional, nos prazos que se determinan no presente decreto:

- a) O persoal estatutario fixo pertencente as categorías de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saude e licenciados sanitarios que estea desempeñando praza en propiedade das actuais categorías sanitarias nos equipos das institucións sanitarias do Sergas de atención primaria ou atención especializada a entrada en vigor do presente decreto.
- b) O persoal estatutario pertencente as categorías de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saude e licenciados sanitarios, que obteña a condición de fixo e praza en propiedade das actuais categorías sanitarias nunha institución sanitaria do Sergas, con ocasión do remate dos procesos executados o abeiro da Lei 16/2001, e tome posesión da mesma nos prazos indicados na resolución que pona fin Os mesmos.
- c) O persoal de cota e zona pertencente a categorías de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saude e licenciados sanitarios, de conformidade co previsto no rexime específico que se determine en atención a súa singularidade.
- d) O persoal especialista de cota, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda.

Artigo cuarto. Estructura do sistema previo de reconecemento do desenvolvemento profesional

O sistema previo de reconecemento de desenvolvemento profesional

estructurase en catro graos para cuxo acceso sera preciso ter completados, na mesma categoria e especialidade, de se-lo caso, nas institucions sanitarias do Sergas, os periodos de servicios prestados en xornada ordinaria, excluidos os periodos que se prestasen nos contratos de especialista en formacion, que se detallan de seguido:

Grao I: 5 anos

Grao II: 12 anos

Grao III: 19 anos

Grao IV: 26 anos

Artigo quinto. Acceso ao sistema previo de reconecemento do desenvolvemento profesional. Requisitos

1. O reconecemento previo do grao de desenvolvemento profesional regulado no presente decreto realizarase, a instancia do interesado presentada nos prazos que se determinan, por resolución conxunta dos directores xerais de Recursos Humanos e Asistencia Sanitaria do Sergas.

2. O recoñecemento do dito grao sera progresivo, sendo necesario para acceder a un grao superior acreditar o recoñecemento do grao inmediatamente inferior

3. Para acceder ó recoñecemento de grao as profesionais deberan acreditar os requisitos seguintes:

a) Ostentar a condición de persoal estatutario fixo da correspondente categoria e especialidade, de ser o caso, con praza en propiedade nas institucions sanitarias do Sergas.

b) Experiencia profesional minima a que se refire o artigo anterior, na mesma categoria e especialidade na que se pretende o recoñecemento do grao nunha institución sanitaria do Sergas.

c) Estar en situación de activo ou asimilada no intre da solicitude.

d) Ter participado, nos cinco exercicios inmediatamente anteriores a data da solicitude, nos obxectivos asistenciais, reflectidos nos programas especiais do complemento de produtividade variable da institución do Sergas na que estivese prestando servizos, e acreditar o seu cumprimento nun 80%. Dita acreditación realizarase mediante certificación do Director Xerente do centro de que se trate de conformidade coa avaliación efectuada.

e) No caso de persoal de cota e zona, solicitar a integración funcional no equipo de atención primaria do centro de destino.

f) Presentar a solicitude de reconecemento do desenvolvemento profesional en tempo e forma.

Artigo sexto. Efectos do reconecemento

O recoñecemento do desenvolvemento profesional outorgará aos profesionais os seguintes dereitos:

a) A súa constancia para os efectos do currículo.

b) A acceder ao grao superior sempre que se acrediten os demais requisitos esixidos.

c) A retribución dun complemento de carreira de conformidade coa seguinte escala:

Graos	Contía por grao	Complemento acumulado
Grao I	3000 €/ano	3000 €/ano
Grao II	2000 €/ano	5000 €/ano
Grao III	2500 €/ano	7500 €/ano
Grao IV	3000 €/ano	10500 €/ano

Sen prexuízo do disposto na disposición adicional terceira do presente decreto, dito recoñecemento non supora o encadramento automático no rexime que se regule en desenvolvemento do título terceiro da Lei 44/2003, de Ordenación das Profesións Sanitarias e da aplicación do rexime de avaliación a que a mesma se refire así como dos principios de homologación que estableza o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Artigo sétimo. Desenvolvemento do sistema

A implantación do sistema de recoñecemento dos diferentes graos realizarase nunha única vez e será de carácter progresivo e paulatino, procedendo o recoñecemento do grao I no primeiro ano da súa efectividade para cada un dos colectivos referidos no artigo terceiro. O recoñecemento dos sucesivos graos realizarase nos seguintes anos, ata cumprimentar o grao IV.

De conformidade co disposto no parágrafo anterior, o recoñecemento do grao de desenvolvemento profesional realizarase coa seguinte secuencia:

a) O persoal estatutario fixo pertencente as categorías de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios, que estea desempeñando praza en propiedade das actuais categorías sanitarias nos equipos das institucións sanitarias do Sergas de atención primaria ou atención especializada a entrada en vigor do presente decreto, que cumprise os requisitos a que se refire o artigo quinto, poderá acceder aos sucesivos graos cos seguintes efectos:

- Grao I: Efectos de xullo de 2005
- Grao II: Efectos de xullo de 2006
- Grao III: Efectos de xullo de 2007
- Grao IV: Efectos de xullo de 2008

b) O persoal estatutario fixo pertencente as categorías de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde e licenciados sanitarios que

obteña praza en propiedade das actuais categorías sanitarias nunha institución sanitaria do Sergas, con ocasión do remate dos procesos executados O abeiro da Lei 16/2001, e tome posesión da mesma nos prazos indicados na resolución que pona fin ós mesmos, podera acceder os sucesivos graos cos seguintes efectos:

- Grao I: Efectos de xullo de 2006
- Grao II: Efectos de xullo de 2007
- Grao III: Efectos de xullo de 2008
- Grao IV: Efectos de xullo de 2009

c) O persoal de cota e zona, pertencente a categorías de licenciados con título de especialista en Ciencias da Saude e licenciados sanitarios:

- Grao I: Efectos de xaneiro de 2006
- Grao II: Efectos de xaneiro de 2007
- Grao III: Efectos de xaneiro de 2008
- Grao IV: Efectos de xaneiro de 2009

Artigo oitavo. Procedemento de reconecemento do grao de desenvolvemento profesional

1. O recoñecemento do grao de desenvolvemento profesional a que se refire o presente decreto realizarase mediante resolución conxunta dos directores xerais de Recursos Humanos e Asistencia Sanitaria, na que se especificara o grao acadado e os seus efectos e os recursos que caiba interpoñer contra a mesma.

2. Con anterioridade a data da efectividade a que se refire o artigo anterior por Resolución da División de Recursos Humanos do Sergas abrirase o prazo para a presentación das instancias polos profesionais

O profesional debera presentar solicitude no seu centro de traballo no citado prazo que debera acompañarse da acreditación do cumprimento dos requisitos

esixidos para o acceso a cada un dos graos.

3. As solicitudes seran resoltas nos tres meses seguintes á finalización do prazo para a súa presentación. A falta de resolución entenderanse desestimadas.

Disposition adicional primeira

1. O persoal de cota e zona poderá acceder ao sistema previo de recoñecemento do desenvolvemento profesional previa solicitude de integración funcional no equipo de atención primaria do seu centro de destino.

A solicitude de integración funcional terá carácter irreversible e irrenunciábel para o interesado.

2. O procedemento de integración funcional e os seus efectos regularanse por Orde da Consellería de Sanidade, previa negociación no seo de Mesa Sectorial.

A integración funcional do persoal de cota e zona, que supora a súa incorporación funcional ó novo modelo de atención primaria, non determinará a modificación do seu actual réxime retributivo.

3. O mantemento do grao de desenvolvemento profesional recoñecido estará suxeito a avaliación positiva da súa efectiva integración funcional.

A avaliación da integración funcional realizarase anualmente mediante procedemento contradictorio, no que se dará audiencia ó interesado. O procedemento de avaliación regularase por resolución conxunta dos directores xerais de Recursos Humanos e Asistencia Sanitaria

A non superación da citada avaliación poderá dar lugar á reversión do recoñecemento do grao, mediante resolución conxunta dos directores xerais de Recursos Humanos e Asistencia Sanitaria.

A reversion do grao do profesional supora a perda dos dereitos inherentes ao mesmo a que se refire o artigo 6º do presente decreto

4. O recoñecemento dun grao superior fare irreversible o dos graos inferiores.

5. A Administración sanitaria promovera a adaptación da normativa vixente co fin de que o acceso ao dereito de reconecemento do grao de desenvolvemento profesional poida facerse real e efectivo nos prazos establecidos para o persoal de cota e zona.

Disposición adicional segunda

1. Os dereitos económicos que se deriven do recoñecemento do grao de desenvolvemento profesional a que se refire o presente decreto non absorveran o complemento persoal que estean a recibir os profesionais que se tivesen integrado no novo modelo de atención primaria ao abeiro da disposición transitoria primeira do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de Ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O recoñecemento previo do grao de desenvolvemento profesional do persoal especialista de cota estara suxeito a súa xerarquización.

A disposición que regule o rexime de xerarquización determinara os requisitos, sistema de avaliación e alcance do rexime de acceso ao recoñecemento previo do desenvolvemento profesional para este persoal, previa a súa negociación no seo da Mesa sectorial.

Disposición adicional terceira

1. Quedan exceptuados da acreditación do requisito ao que se refire o apartado 3d do artigo 5º os períodos de tempo nos que o persoal permanecese nalgunha das seguintes situacións:

- a) *situacion de excedencia forzosa a que se refiren os artigos 11.1 e 11.3 e 13 do derogado Estatuto xuridico do persoal medico da Seguridade Social aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.*
- b) *situacion de excedencia especial en activo, a que se refire o artigo 13 do derogado Estatuto xuridico do persoal medico da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.*
- c) *situacion de servizos especiais a que se refire o artigo 64 da Lei 55/2003 do 16 de decembro do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saude.*
- d) *os periodos de disfrute de permisos sindicais.*

2. Cando razons organitivas impidan a un profesional acreditar a súa participación nos programas de obxectivos do complemento de produtividade variable, quedara exonerado do requisito a que se refire o parágrafo 3.d) do artigo quinto. Porén, o xerente do centro emitira certificación acreditativa deste extremo así como informe detallado da súa participación nos obxectivos asistenciais do mesmo.

Disposición adicional cuarta

1. O persoal funcionario ou laboral fixo, na data de entrada en vigor do presente decreto, das institucións sanitarias actualmente adscritas a Consellería de Sanidade podera acceder, por (máxime, o sistema extraordinario que se regula no intre en que abra o primeiro proceso de integración) o rexime estatutario Era-la promulgación deste decreto.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, resolta a integración abrirose o procedemento para o recoñecemento previo do nivel de desenvolvemento profesional do persoal que tivese optado polo seu integración

Disposición adicional quinta

O rexime de recoñecemento do desenvolvemento profesional a que se refire o título terceiro da Lei 44/2003 do 21 de novembro, será negociado na Mesa sectorial e prevera o rexime, procedemento e requisitos para a homologación dos graos que os profesionais teñan recoñecidos en virtude da aplicación do presente decreto.

Disposición final

O presente *Decreto entrara en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*